

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 16-12-2020 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a
responder:*

Nome e apelidos

Nome e apelidos

DNI:

Sinatura:

Firma:

**Exame de obtención do Certificado de Aptitude
Profesional (CAP)**

Mercadorías

16/12/2020

10:00 H

-GALEGO-

MODELO A



**Dele la vuelta al cuaderno
para disponer del examen en
CASTELLANO**

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 16-12-2020 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

1. Os paneis laranxas que identifican os vehículos que transportan mercadorías perigosas:

- a) sempre deben ir divididos por unha liña negra horizontal.
- b) unicamente deben ser utilizados por vehículos cisterna.
- c) deben colocarse en todo vehículo que transporte mercadoría perigosa.
- d) non deben colocarse salvo que o expedidor ou fabricante o soliciten..

2. Un vehículo que transporta unha cisterna portátil compartimentada que está cargada con varias mercadorías perigosas:

- a) non debe levar ningunha sinalización por tratarse dunha cisterna portátil.
- b) debe ir sinalizado unicamente con paneis laranxa na parte dianteira e traseira, sen ningún número.
- c) debe ir sinalizado con paneis laranxa nos costados de cada compartimento e na parte dianteira e traseira do vehículo.
- d) Non poden transportarse mercadorías perigosas nunha cisterna portátil.

3. Todo corpo está exposto a diferentes forzas e pares. Que sucede cando a suma das forzas e os pares aplicadas a un camión é distinta de cero?

- a) Que o vehículo se move.
- b) Que o vehículo se atopa en repouso
- c) Que hai falta de gravidade.
- d) Que hai incremento de temperatura.

4. Cando a resultante das forzas representadas no círculo de Kamm está fóra do círculo:

- a) as rodas do camión non teñen alta capacidade de carga.
- b) as rodas do camión converten o movemento de avance en xiro.
- c) esa roda perde adherencia.
- d) o camión áchase en condicións estables.

5. Que se entende por traxectoria real do camión máis aberta da que debería realizar?

- a) Cabeceo.
- b) Guiñada.
- c) Sobreviraje.
- d) Subviraje.

6. A Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres considera a actividade de almacenista-distribuidor como...

- a) unha actividade independente do transporte.
- b) unha actividade auxiliar e complementaria do transporte.
- c) esta lei non contempla de forma específica esa actividade.
- d) unha actividade substitutiva do transporte.

7. O paso de fronteiras no transporte internacional de mercadorías simplifícase se se realiza ao amparo do convenio:

- a) CMR.
- b) TIR.
- c) ADR.
- d) ASOR.

8. No sistema informático de rexistro de transportistas de animais deberán figurar, a parte dos transportistas:

- a) os gandeiros.
- b) os contedores e medios de transporte de animais vivos.
- c) os matadoiros.
- d) as granxas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 16-12-2020 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

9. A que clase de transporte se dedican os vehículos do tipo EX/II?

- a) Ao transporte de explosivos.
- b) Ao transporte de materias corrosivas.
- c) Ao transporte de materias da Clase 4.2.
- d) Ao transporte de animais.

10. De acordo coa clasificación das mercadorías perigosas que fai o ADR, a que clase de mercadoría fai referencia a Clase 5.1?

- a) Materias e obxectos explosivos.
- b) Materias tóxicas.
- c) Materias corrosivas.
- d) Materias comburentes.

11. En que clase se inclúen as materias que conteñen átomos inestables que emiten radiación a medida que se desintegran?

- a) Na Clase 6,1.
- b) Na Clase 6.2.
- c) Na Clase 7.
- d) Na Clase 8.

12. Que repercusión ten o feito de que exista unha mínima transferencia de masas dos eixos traseiros aos dianteiros do camión no momento da freada?

- a) Un maior desgaste dos freos.
- b) Un menor consumo de combustible.
- c) O aproveitamento do agarre de todas as rodas.
- d) O mantemento da velocidade.

13. Se constata unha infracción das disposicións do ADR, que debe facer o transportista?

- a) Comunicalo ao expedidor.
- b) Comunicalo á autoridade administrativa.
- c) Comunicalo ao consignatario ao terminar o transporte.
- d) Non debe comezar o servizo ata que todo estea conforme.

14. Como norma xeral, cantos paneis laranxa deberá levar un vehículo-cisterna compartimentado, baleiro e sen limpar que transportase dúas mercadorías perigosas diferentes?

- a) Un diante, outro detrás e dous por cada lado.
- b) Un diante, outro detrás e un por cada lado.
- c) Dous, colocados un a cada lado da cisterna.
- d) Un diante e outro detrás da cisterna.

15. Nunha empresa grande de transporte de mercadorías, quen planifica os servizos e rutas?

- a) O xerente.
- b) O condutor.
- c) O xefe de tráfico.
- d) O comercial.

16. Desde que o vehículo foi posto a disposición do cargador, en que prazo efectuarase a carga?

- a) Nunha hora.
- b) En dúas horas.
- c) En tres horas.
- d) Non hai prazo.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 16-12-2020 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

17. Para que tipo de pisos están recomendadas as técnicas de suxeición directas?

- a) Para cargas asentadas sobre pisos lisos.
- b) Para cargas asentadas sobre pisos húmidos.
- c) Para cargas asentadas sobre pisos engrasados.
- d) As tres respostas anteriores son correctas.

18. Cal é a función do entoldado?

- a) Reforza a suxeición da mercadoría e contribúe a limitar os seus deslizamentos durante a viaxe.
- b) Protexe as mercadorías transportadas das inclemencias atmosféricas.
- c) Evita o desprendemento dunha parte da carga e o risco consecuente de danos.
- d) As tres respostas anteriores son correctas

19. Que MMA non pode superar un remolque de tres eixos?

- a) 24 toneladas.
- b) 21 toneladas.
- c) 22 toneladas.
- d) 23 toneladas.

20. Cando existe un único contrato e o envío leva a cabo con distintos modos de transporte, sendo un deles terrestre, estamos a falar dunha operación de transporte...

- a) sucesivo.
- b) multimodal.
- c) extensivo.
- d) cualificado.

21. Que persoas interveñen no transporte de mercadorías perigosas por estrada?

- a) Cargador e destinatario.
- b) Transportista e expedidor.
- c) Transportista, expedidor, cargador e destinatario.
- d) Transitario e operador.

22. A enerxía acumulada dun camión que se atopa en movemento dependerá:

- a) do estado e da superficie das zapatas.
- b) do estado dos pneumáticos.
- c) da masa do vehículo e da velocidade.
- d) da velocidade soamente.

23. Cantas viaxes, como máximo, se poden facer cunha autorización CEMT?

- a) 25.0
- b) 50.0
- c) Ilimitados, pero cada tres transportes débese regresar ao país de matriculación do vehículo.
- d) Ilimitados, pero cada cinco transportes débese regresar ao país de matriculación do vehículo.

24. No ámbito do transporte internacional de mercadorías por estrada, a que se denomina transportes liberalizados?

- a) A aqueles que non están suxeitos a controis fronteirizos.
- b) A aqueles que poden ser desenvolvidos sen necesidade dunha autorización específica.
- c) A aqueles que non están suxeitos a tarifas obrigatorias.
- d) A aqueles nos que se poden pactar libremente entre as partes as condicións para a súa realización.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 16-12-2020 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

25. Os vehículos que leven unidos de modo permanente un guindastre de elevación:

- a) están sempre exentos de autorización de transporte.
- b) están exentos de autorización de transporte cando se dedican exclusivamente a dar soporte ao devandito instrumento.
- c) necesitan sempre autorización de transporte.
- d) necesitan sempre autorización de transporte se o vehículo ten unha tara superior a 3,5 toneladas.

26. A que altura deben axustarse os repousacabezas dun vehículo?

- a) Por encima da parte posterior da cabeza.
- b) Por baixo da caluga do ocupante.
- c) Á mesma altura que a parte superior da cabeza.
- d) Á mesma altura que a parte posterior da cabeza.

27. Como debe estar o motor para comprobar o nivel do aceite con exactitude?

- a) En funcionamento, porque así obtense unha idea real de como se engrasan as pezas cando están a traballar.
- b) Parado e en quente.
- c) Parado e en frío.
- d) Non importa como estea o motor, con tal de que o vehículo se atope en chaira.

28. En relación coa atención ao cliente, cal destas afirmacións é correcta?

- a) Mentres que se atende ao cliente, pódese un distraer.
- b) Non hai que esperar que o cliente termine de falar antes de formular a resposta.
- c) Pódese contestar apresuradamente.
- d) Débese evitar interromper.

29. Para evitar o contacto con líquidos potencialmente perigosos ao levar a cabo as inspeccións e operacións periódicas de mantemento, que debe facer o condutor?

- a) Non debe realizar en por si ningunha operación de revisión nin de mantemento.
- b) Debe utilizar o equipo adecuado (roupa, luvas, etc.).
- c) Debe baleirar os líquidos dos circuítos antes de realizar estas operacións.
- d) Debe levar o vehículo ao taller.

30. Nunha caixa de velocidades, que é o eixo secundario?

- a) É o que leva varios piñóns fixos a el, sendo o primeiro de toma constante co piñón do eixo que recibe o movemento do motor.
- b) É o eixo a través do cal sae o movemento da caixa de velocidades á árbore de transmisión ou directamente sobre o grupo cónico diferencial.
- c) É o eixo que recibe o movemento do motor a través do disco de embrague.
- d) É o eixo das rodas, por medio do cal estas reciben a tracción do motor.

31. Circulando por pendentes ascendentes ou descendentes é recomendable:

- a) saltar velocidades sempre que se circule en seco.
- b) reducir a aceleración.
- c) saltar velocidades sempre que sexa necesario.
- d) utilizar cambios manuais en lugar de automáticos.

32. Cando se transportan mercadorías perigosas da Clase 4.3 do ADR, un dos perigos principais é:

- a) a inflamación espontánea.
- b) a oxidación acelerada do recipiente.
- c) o desprendemento de gases inflamables en contacto coa auga.
- d) a xeración de vapores corrosivos coa humidade.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 16-12-2020 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

33. Manter un nivel incorrecto de presión nos pneumáticos pode dar lugar a:

- a) que o compresor do circuíto de freado non mande aire ao calderín.
- b) unha repentina destrución das cubertas.
- c) avarías na transmisión.
- d) avarías na caixa de cambios.

34. Para un par motor dado, de que depende o par que chega ás rodas?

- a) Da temperatura dos gases de escape.
- b) Da presión que exista no colector de escape.
- c) Da relación de transmisión entre o volante motor e as rodas.
- d) Da orde de aceso do motor.

35. Segundo a Ergonomía, no lugar de traballo debe coidarse...

- a) a temperatura.
- b) a iluminación.
- c) a renovación do aire.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

36. Sinala a resposta correcta respecto a os equipos de protección individual:

- a) Pódense clasificar en función do risco que contrarrestan.
- b) Aplícanse para diminuír as lesións do traballador.
- c) Pódense clasificar en función da parte do corpo que protexen.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

37. Se un axente desde un vehículo mostra unha bandeira amarela, que indica?

- a) Que a calzada está temporalmente pechada.
- b) Que a calzada queda de novo aberta ao tráfico.
- c) A necesidade de extremar a atención ou a proximidade dun perigo.
- d) A presenza dun vehículo oficial.

38. Son equipos de protección individual de mans e brazos...

- a) os equipos de submarinismo.
- b) os cascos antirruidos.
- c) as luvas contra as agresións de orixe térmica.
- d) as rodilleras.

39. Un manexo incorrecto da caixa de velocidades:

- a) non afecta o consumo.
- b) é un factor decisivo para que o consumo aumente.
- c) é irrelevante para o consumo.
- d) será aquel que permita unha saída rápida.

40. Se fose necesario repoñer aceite porque o nivel do aceite do sistema de lubricación fose baixo, que tipo de aceite se debería utilizar?

- a) Calquera tipo de aceite sería válido.
- b) Sempre aceite sintético.
- c) Sempre aceite mineral.
- d) Un aceite das mesmas características que as do aceite que conteña o cárter.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 16-12-2020 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

41. Os accidentes in itinere son aqueles que...

- a) causan enfermidades cerebrais.
- b) producen a morte.
- c) ocorren nos desprazamentos de ida e volta ao lugar de traballo.
- d) causan lesións de columna.

42. Cal dos seguintes accidentes relacionados co transporte se producen máis frecuentemente?

- a) Esmagamento por envorco da maquinaria de traballo.
- b) Descargas eléctricas.
- c) Proxección de líquidos contra o corpo.
- d) Exposición continuada a vibracións.

43. Nos accidentes de traballo no transporte, que lesión, causada polo mal estado das escaleiras, é a máis frecuente?

- a) Rachos musculares.
- b) Lumbalxias, cervicalgias e todo tipo de molestias nas costas.
- c) Hernias discales.
- d) Problemas de circulación sanguínea.

44. Das seguintes enfermidades, sinala cal non está recoñecida como enfermidade profesional no sector do transporte:

- a) Enfermidades osteoarticulares por vibracións mecánicas.
- b) Inflamación da próstata como consecuencia do alto nivel de ruído.
- c) Xordeira provocada polo ruído.
- d) Outras enfermidades vinculadas ao transporte de produtos determinados (cloro licuado, manganeso e os seus compostos, etc.).

45. A aplicación dos coñecementos ergonómicos ao ámbito do traballo é fundamental para:

- a) a eliminación de riscos físicos.
- b) mellorar as ganancias económicas.
- c) utilizar as ferramentas con mestría.
- d) nada.

46. A posición máis adecuada das mans durante a condución segundo diferentes expertos, é a chamada de..

- a) as once e dez.
- b) as doce e dez.
- c) as dez e dez.
- d) as dez e vinte.

47. No embrague hidráulico a turbina receptora atópase situada...

- a) no volante de inercia.
- b) unida ao eixo primario da caixa de velocidades.
- c) xunto ao prato de fricción.
- d) xunto ao prato de presión.

48. Se o número de revolucións das rodas fose maior que o número de revolucións do motor...

- a) produciuse unha desmultiplicación.
- b) produciuse unha multiplicación.
- c) sería poque entrou en funcionamento o convertidor de par.
- d) sería porque o motor se atopa ao ralentí.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 16-12-2020 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

49. Onde se atopa situada a tapa de balancines?

- a) Encima da culata.
- b) Debaixo da culata.
- c) Debaixo do cárter.
- d) Debaixo do bloque.

50. Que función cumpren os segmentos colocados na cabeza do pistón?

- a) Evitar a fuga de gases durante a combustión do carburante na cámara de compresión.
- b) Diminuír a inercia do pistón.
- c) Facilitar o gripado do motor.
- d) Reducir a formación de carbonilla na cámara de compresión.

51. Cal é o propósito principal da declaración amigable de accidentes?

- a) Aumentar a recadación de impostos.
- b) Aumentar as ganancias das compañías aseguradoras.
- c) Indemnizar no menor tempo posible aos prexudicados.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

52. Un axente, mediante unha serie de toques de chifre curtos e frecuentes, que ordena?

- a) A continuación da marcha.
- b) A imposición dunha sanción.
- c) A detención.
- d) O aumento de velocidade.

53. Segundo o Convenio de aplicación do Acordo de Schengen, os transportistas que trasladen a nacionais de terceiros países, están obrigados a devolvelos ao país de procedencia?

- a) Non cando se lles denegue a entrada nun terceiro país que só sexa de tránsito.
- b) Son libres de trasladalos ao país de destino.
- c) Non están obrigados en ningún caso.
- d) Si, sempre.

54. Os elementos que diferencian un servizo de transporte e supoñen unha percepción dun nivel de calidade superior polo cliente coñécense como elementos complementarios:

- a) cuaternarios.
- b) terciarios.
- c) secundarios.
- d) primarios.

55. Cal é a misión das correas dun motor?

- a) Manter a suxeición entre os diferentes sistemas dun motor.
- b) Transmitir o movemento do motor a outros sistemas.
- c) Levantar cargas, como as cordas das poleas.
- d) Sincronizar o movemento das rodas do vehículo co dos diferentes sistemas.

56. Cal é un dos factores en base ao que os clientes valorarán "a calidade" no servizo nunha empresa do transporte?

- a) Imaxe.
- b) Fiabilidade do servizo.
- c) Empatía.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 16-12-2020 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

57. Cal non é unha actuación que poden efectuar os axentes da autoridade nos controis na estrada?

- a) Traslado obrigatorio do vehículo.
- b) Inmovilización do vehículo.
- c) Retirada da tarxeta de tacógrafo dixital do condutor.
- d) Imposición de sancións.

58. Cal é a función principal do ralentizador eléctrico?

- a) Repoñer a electricidade da batería cando está descargada.
- b) Aumentar a tensión eléctrica producida polo xerador de corrente.
- c) Reducir a tensión eléctrica producida polo xerador de corrente.
- d) Reducir o uso do freo de servizo.

59. Para evacuar a auga que se atope na calzada...

- a) utilízanse pneumáticos sen cámara.
- b) utilízanse pneumáticos de perfil baixo.
- c) a banda de rodadura presenta unhas canles talladas.
- d) utilízanse pneumáticos lisos.

60. Para que serve o volante de inercia dos motores?

- a) Para suxeitar o cigüeñal ao cárter.
- b) Para suxeitar o cigüeñal ao bloque.
- c) Para mover ao motor de arranque.
- d) Para regularizar o movemento do motor.

61. Como deben ser as comidas durante os días de condución?

- a) Varias comidas e lixeiras.
- b) Varias comidas e abundantes.
- c) Poucas comidas e lixeiras.
- d) Poucas comidas e abundantes.

62. Que distancia máxima de quilómetros pode medir o tacógrafo dixital?

- a) 1.000.000 km.
- b) 200.000 km.
- c) 9.999.999,9 km.
- d) 100 km.

63. A enerxía que leva asociada un vehículo ao estar en movemento depende:

- a) do cadrado da súa velocidade.
- b) do cadrado do seu coeficiente aerodinámico.
- c) do seu coeficiente aerodinámico.
- d) do cadrado da súa masa.

64. En que tipo de pneumático se monta a válvula directamente sobre a lamia?

- a) No pneumático con cámara.
- b) No pneumático sen cámara.
- c) En todos os pneumáticos.
- d) En ningún.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 16-12-2020 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

65. Que afecta o consumo de carburante dun automóbil?

- a) A montaxe de freos de tambor.
- b) O tipo de ralentizador que monte o vehículo.
- c) O mantemento do vehículo, o tipo de conducción que realice o condutor e o estado no que se atope o filtro do aire do sistema de alimentación.
- d) A montaxe de freos de disco.

66. Que elemento do sistema pneumático de freos activa o compresor de aire?

- a) O pedal de freo.
- b) O motor por medio dunha correa.
- c) A válvula de catro vías.
- d) A válvula de descarga rápida.

67. O uso que se realice da caixa de velocidades dun automóbil, pode influír no consumo de carburante?

- a) Si.
- b) Non, o consumo só depende da velocidade.
- c) Non, o consumo só depende da aerodinámica do vehículo.
- d) Non, o consumo só depende da cilindrada do motor.

68. A que clase de transporte se dedican os vehículos do tipo AT?

- a) Ao transporte de produtos bituminosos.
- b) Ao transporte de líquidos e gases inflamables (cisternas).
- c) Ao transporte de mercadorías perigosas en xeral (cisternas).
- d) Ao transporte de materias da Clase 5.1, apartado 1º a).

69. Que finalidade cumpre o filtro do aire situado antes do compresor nun sistema pneumático de freos?

- a) Limpar de impurezas o aire que entra no calderín.
- b) Evitar que a humidade do aire entre no calderín.
- c) Evitar que os vapores de aceite procedentes do motor entren no calderín.
- d) Evitar que os vapores do carburante entren no calderín.

70. Cando un vehículo está en movemento posúe unha enerxía cinética que será menor...

- a) canto menor sexa a súa altura.
- b) canto menor sexa a súa lonxitude.
- c) canto menor sexa a súa anchura.
- d) canto menor sexa a súa masa.

71. Para facilitar a refrixeración dos elementos frenantes, as lamias...

- a) teñen conexións co sistema de refrixeración.
- b) fabrícanse de perfil baixo.
- c) posúen uns orificios na súa periferia.
- d) fabrícanse de titanio, xeralmente.

72. Como hai que colocar ao ferido para facerlle a respiración artificial?

- a) Boca abaixo.
- b) Boca arriba.
- c) Lateral.
- d) En posición de defensa.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 16-12-2020 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

73. O consumo de carburante dun vehículo pesado pode ser maior do normal dependendo:

- a) da montaxe de freos de tambor.
- b) do material do que estea construída a carrocería.
- c) da montaxe de freos de disco.
- d) do mantemento que se realice ao vehículo, o perfil da estrada e as revolucións por minuto do motor.

74. Na secuencia dun accidente, En que fase o accidente devén inevitable e se materializa en forma de colisión?

- a) A fase de decisión.
- b) A fase de reacción.
- c) A fase de impacto.
- d) A fase de percepción.

75. En porcentaxes absolutas, que número de accidentes sofren as persoas maiores como condutores?

- a) Non sofren moitos accidentes, pero a relación quilómetros percorridos cos accidentes nos que son parte é alta.
- b) Non sofren moitos accidentes e a relación quilómetros percorridos cos accidentes nos que son parte é baixa.
- c) Sofren moitos accidentes e a relación quilómetros percorridos cos accidentes nos que son parte é baixa.
- d) Sofren moitos accidentes e a relación quilómetros percorridos cos accidentes nos que son parte é alta.

76. En caso de traballar sentado, cada canto tempo se recomenda levantarse da cadeira e andar?

- a) Cada 2 horas.
- b) Cada hora.
- c) Cada 45 minutos.
- d) Cada 10 minutos.

77. Que significa a hipersomnolencia?

- a) Excesiva somnolencia diúrna.
- b) Durmir demasiadas horas polo día.
- c) Durmir demasiadas horas pola noite.
- d) Excesiva somnolencia nocturna.

78. Un vehículo que transporta varios turismos avariados entre a súa base e unha cidade que se atopa a 200 km está:

- a) obrigado a usar tacógrafo.
- b) soamente obrigado a usar tacógrafo dixital.
- c) exento de usar tacógrafo.
- d) soamente obrigado a usar tacógrafo analóxico.

79. Para obrigar a diminuír a velocidade do seu vehículo aos condutores que se lle acheguen polo lado correspondente ao brazo que executa o sinal e perpendicularmente ao devandito brazo, que indicación utilizarán os axentes?

- a) Brazo estendido verticalmente.
- b) Brazo estendido con movemento alterno de arriba abaixo.
- c) Brazo estendido horizontalmente.
- d) Abalo dunha luz vermella ou amarela.

80. Segundo o ADR, as materias comburentes pertencen á Clase:

- a) 1.0
- b) 5.1.
- c) 6.1.
- d) 4.1.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 16-12-2020 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

81. O retardador hidráulico ten que utilizarse:

- a) de maneira progresiva.
- b) non máis dunha vez por hora.
- c) unicamente en situacións de emerxencia.
- d) de maneira brusca.

82. O condutor que circule co seu vehículo por unha glorieta cun carril...

- a) circulará pola beiravía dereita.
- b) circulará pola beiravía esquerda.
- c) utilizará a zona do carril máis preto posible do bordo esquerdo da calzada.
- d) circulará pola dereita e o máis preto posible do bordo da calzada.

83. Que factores interveñen para producir a resistencia á pendente?

- a) O grao da pendente e a masa total do camión.
- b) O grao da pendente e a climatoloxía.
- c) O firme da pendente e o volume da carga.
- d) A forza de tracción.

84. Se se incumpren as obrigacións aduaneiras cunha mercadoría de lícito comercio valorada en 5.000 euros, incórrase en delito de contrabando?

- a) Non.
- b) Si.
- c) Só dentro do espazo Schengen.
- d) Só se a mercadoría son produtos alimenticios.

85. O consumo de combustible, depende do estilo de condución?

- a) Si, aínda que afecta minimamente.
- b) Si, e é un factor moi importante.
- c) Non, só depende da velocidade á que se circule.
- d) Non, só depende do tipo de carburante que utilice o vehículo.

86. Que factor inflúe no consumo de carburante?

- a) A lonxitude da árbore de levas.
- b) A relación de marchas seleccionada.
- c) A lonxitude do pistón.
- d) A lonxitude do cigüeñal.

87. O consumo de carburante dun vehículo pesado pode ser maior do normal dependendo:

- a) do motor de arranque e do tipo de ralentizador que monte o vehículo.
- b) da presión dos pneumáticos e a posición do pedal do acelerador.
- c) da posición do pedal do acelerador e a lonxitude do cigüeñal.
- d) do tipo de batería e da relación de marchas seleccionada.

88. As luces indicadoras de dirección son:

- a) opcionais para todos os vehículos.
- b) para os automóviles.
- c) obrigatorias para automóviles, excepto motocicletas e vehículos de tres rodas, remolques e semirremolques non agrícolas.
- d) opcionais para os remolques.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 16-12-2020 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

89. Dos seguintes vehículos, cales están exentos da instalación e uso do tacógrafo?

- a) Os autobuses de menos de 3.500 kg de MMA.
- b) Os autobuses cando traballen dentro dun radio de acción de 100 km ao redor da súa base.
- c) Os vehículos cunha velocidade máxima autorizada non superior a 40 km/h.
- d) Os vehículos cunha velocidade máxima autorizada non superior a 60 km/h.

90. A memoria da tarxeta de tacógrafo dixital do condutor español deberá ser capaz de manter os datos almacenados durante polo menos...

- a) 365 días.
- b) 31 días.
- c) 28 días.
- d) 60 días.

91. Nun vehículo dotado de tacógrafo, que interrupcións deben facerse intercaladas no período de 4 horas e media de conducción como substitución da pausa obrigatoria establecida tras catro horas e media de conducción?

- a) Tres interrupcións de 15 minutos cada unha.
- b) Dúas interrupcións, a primeira de polo menos 15 minutos e a segunda de polo menos 30.
- c) Dúas interrupcións superiores a 20 minutos cada unha.
- d) Dúas interrupcións superiores a 30 minutos cada unha.

92. Sobre unha folla de rexistro grávanse unha serie de liñas que, seguindo unha orde de dentro a fóra do disco, indican:

- a) bloques de tempos, quilómetros percorridos e velocidade.
- b) quilómetros percorridos, bloques de tempos e velocidade.
- c) velocidade, bloques de tempos e quilómetros percorridos.
- d) quilómetros percorridos, velocidade e bloques de tempos.

93. O tráfico é debedor do seu aspecto externo máis negativo, cal é este?

- a) O accidente e o seu elevadísimo custo en vidas e en graves lesións.
- b) O impacto ambiental.
- c) O accidente e o seu reducido custo en vidas e en graves lesións.
- d) O tráfico non ten aspectos externos.

94. Se a separación entre os eixos, dun eixo tándem dun remolque, é igual ou superior a 1,00 metros e inferior a 1,30 metros, cal será a masa por eixo máxima permitida?

- a) 16 toneladas.
- b) 10 toneladas.
- c) 21 toneladas.
- d) 20 toneladas.

95. O cárter do sistema de lubricación atópase:

- a) nos freos.
- b) pechando o motor pola súa banda inferior.
- c) na caixa de cambios.
- d) xunto ao tubo de escape.

96. Nun embrague de fricción en seco o mecanismo de presión pode ser...

- a) por diafragma.
- b) por mecanismo servoneumático.
- c) por mecanismo electromagnético.
- d) por mecanismo de contrapesos.

EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 16-12-2020 10:00 h

Lugar: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, s/n

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

97. Das seguintes situacións, cal pode considerarse un incidente ou anormalidade no transporte?

- a) Unha avaría dun manguito.
- b) Un incendio na zona de carga.
- c) Unha colisión.
- d) Unha saída da vía.

98. Nunha estrada con aviso de nivel amarelo por neve, un autobús:

- a) non pode circular.
- b) pode circular, pero só se leva cadeas.
- c) pode circular, pero só ata a posta de sol.
- d) pode circular a unha velocidade máxima de 60 km/h.

99. Se ao quitar o tapón de enchido de aceite do sistema de lubricación se observa o soprado de vapores, cal pode ser a causa?

- a) Que o aceite utilizado é de boa calidade.
- b) Que o aceite utilizado é de mala calidade.
- c) Que o aceite utilizado é moi denso.
- d) Que hai un desgaste excesivo dos segmentos.

100. O tacógrafo dixital pode emitir sinais de advertencia ao condutor?

- a) Cando detecte un incidente.
- b) Cando detecte un fallo.
- c) Ao exceder o tempo de condución continua.
- d) Todas son correctas.

Preguntas de reserva (Só se corríxirán se o tribunal anula algunha das anteriores)

101. Con que antelación se debe efectuar a denuncia dun contrato de transporte continuado de duración indefinida?

- a) 30 días.
- b) 60 días.
- c) 90 días.
- d) Non se esixe ningún prazo sempre que conste de modo fidedigno a súa recepción pola outra parte.

102. Nun embrague de fricción en seco:

- a) as dúas caras do disco de embrague están recubertas por unhas guarnicións dun material de alto coeficiente de rozamiento.
- b) as dúas caras do disco de embrague están recubertas por unhas guarnicións dun material de baixo coeficiente de rozamiento.
- c) o convertidor de par instálase entre o rotor e a turbina.
- d) o convertidor de par instálase entre a bomba impulsora e a turbina.

103. Dos grupos das materias da Clase 6.1, a cal deles pertencen os praguicidas sólidos?

- a) Ao T6.
- b) Ao T8.
- c) Ao T7.
- d) Ao T9.